

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O ALUMNADO ENVIADO Á AULA DE CONVIVENCIA

Por unha hora

Cando un/unha alumno/a impida o correcto desenvolvemento da clase,

o/a profesor/a que está na clase

- enviarao/a ao profesorado de garda, indicándolle antes o traballo que debe realizar fóra da aula.
- comprobará que o/a alumno/a se presentou ante o/a profesor/a de garda.
- cubrirá o correspondente informe de incidencias.
- informará o antes posible á familia.

o profesorado de garda

- anotar a incidencia no libro de gardas.
- comprobará que o/a alumno/a cubriu o informe de incidencias.
- acompañarao/a á aula de convivencia.
- permanecerá con el/ela coidando que realice o traballo que ten asignado

Por un día ou máis

Cando a asistencia á aula de convivencia se prolongue un ou máis dun período lectivo, por ser resultado dunha sanción,

o/a xefe/a de estudos

- informará deste feito aos pais ou titores legais
- comunicarllo, por correo electrónico, a todo o claustro.
- anotarao no libro de gardas
- comunicarao por escrito ao orientador/a (ficha de envío á aula de convivencia).
- levará un rexistro do profesorado que lle entrega as actividades.

o profesorado que imparte clase ese(s) día(s)

- proporcionará a xefatura de estudos os traballos que ten que facer ese(s) día(s) o/a alumno/a
- (no caso de que na súa hora haxa exame, avisará para que o/a alumno/a poida asistir).

o/a orientador/a

- reflexionará con el/ela sobre o que motivou o envío á aula de convivencia (fichas)
- no Diario de Aula cubrirá a parte que lle corresponde.
- anotarao no *Rexistro alumnado aula convivencia*

o profesorado de garda

- supervisará as medidas e actuacións propostas para o alumnado.
- cubrirá, na hora correspondente, o diario da aula de convivencia no que consta o traballo feito polo/a alumno/a e describirá a súa actitude.